

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE DECEMBRO DE 2012**

### **LICENZAS**

#### **EDIFICACIÓN**

**LIC/1716/2012.- ESTEBAN CANABAL ANTELO.-** Construcción de vivenda unifamiliar na rúa da Ponte, 13.

#### **OUTRAS OBRAS.-**

**LIC/736/2010.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.-** Ampliación do percorrido do ascensor na rúa do Hórreo, 25.

**LIC/2012/2010.- CONSUELO SEOANE RUA.-** Derruba de vivenda no Barrio de Guadalupe, 26.

**LIC/1137/2012.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.-** Reforma, rehabilitación e ampliación de edificio de vivendas na rúa de Vila de Noia, 3.

**LIC/941/2012.- EDUARDO OTERO MOURE.-** Reforma e ampliación de vivenda unifamiliar no lugar da Travesa de Marantes, 48.

**LIC/1894/2011.- EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA.-** Ampliación e reformas na Praza de Abastos, na rúa das Ameas.

**LIC/1328/2012.- MARIA ISABEL LOPEZ RIAL.-** Reforma interior de local para vivenda na rúa de Patio de Madres, 5.

#### **PRÓRROGA**

**LIC/1880/2012.- BASILIO VÁZQUEZ ILLODO.-** Prórroga da licenza de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 28 de maio de 2012 para reforma para instalación de ascensor e reparación de fachadas e cuberta na rúa de Santa Uxía de Ribeira, 2.

#### **DENEGADAS**

**LIC/923/2012 e LAP/232/2012.- YOLANDA PEON FERNANDEZ.-** Denegar a solicitude de licenza e estimar o recurso de reposición.

#### **DEVOLUCIÓNS DE FIANZA**

**LIC/1968/2012.- RAMON VILOUTA MARCOS** ..... LIC/1059/2009 ..... 1.500 €.-

**LIC/1955/2012.- JOAQUIN SEGADA SANTOS** ..... LIC/1886/2009 ..... 1.500 €.-

**LIC/1952/2012.- PROMOTORA IBERO GALAICA DE INMUEBLES.....** .....LIC/498/2006 ..... 9.000 €.-

#### **4.- Propostas da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativas a axudas de carácter social.**

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Benestar a concesión de diferentes axudas de carácter social. Estas axudas foron concedidas para os seguintes conceptos e importes:

-Manutención: 1.281,14 €.

-Vivenda-Aloxamento: 556,50 €.

**5 a 102 e 104.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles, o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concéndense os devanditos beneficios fiscais.

**103.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento de recurso de reposición presentado por unha empresa.**

A XGL aprobou rexeitar o recurso de reposición presentado por unha empresa xa que non cumpría os requisitos para poder aplicar unha bonificación do 30% no imposto sobre construcións, instalacións e obras. A solicitude foi presentada fóra do prazo establecido na normativa reguladora.

**105.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión dun polideportivo para as actividades deportivas incluídas dentro da campaña benéfica OPERACIÓN QUILO "Un quilo un sorriso".**

A proposta do concelleiro de Deportes, a XGL aprobou a colaboración do Concello na campaña benéfica "Operación Quilo: un quilo un sorriso", cedendo o uso do Pavillón Municipal de Fontiñas.

**106.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á desconsignación parcial parcela 41B do Proxecto de expropiación do SUNP-5 (A Muíña), tramitado polo procedemento de taxación conxunta.**

A XGL aprobou a desconsignación da cantidade de 30.111,10 €, que fora solicitada polos interesados en concepto de pago de expropiación da parcela definida como 41 B do proxecto de execución do SUP-5 A Muíña. Así mesmo, a XGL aprobou rexeitar o pago dos xuros xa que non existe dereito a tal abono debido a que no seu día os titulares rexistrados non aceptaron o prezo xusto.

**107.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á prórroga de anuncio de promoción do Clube Santiago Futsal.**

A XGL aprobou, a proposta da concelleira de Urbanismo e a petición do Clube de Fútbol Sala de Santiago de Compostela FUTSAL, manter o anuncio de promoción no túnel que dá acceso ao Multiúsos Fontes do Sar ata o 30 de xuño de 2013 coa condición de que sexa borrado unha vez remate a vixencia da autorización.

**108.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á designación de responsable supervisor dos traballos obxecto do contrato de redacción do proxecto e reurbanización de Vista Alegre.**

A XGL aprobou que o arquitecto responsable destes traballos de supervisión sexa Juan Morales Herrero, vinculado á sección de Rehabilitación e Vivenda.

**109.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente, Obras e Infraestruturas, Sanidade e Parques e Xardíns relativa á recepción de obras de urbanización da Unidade funcional delimitada no ámbito dos bloques 6,7 e 8 do Polígono 4 de Fontiñas.**

Apróbase a proposta.

**110.- Informe de Intervención relativo á factura número 1460024100 emitida pola empresa Telvent Tráfico y Transporte, S.A.**

Dáse conta.

**111.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á aprobación da actuación das tarifas do aparcadoiro municipal de Belvís e do aparcadoiro vixiado de Xoán XXIII.**

Aprobouse unha suba das tarifas nos aparcadoiros de Xoán XXIII e Belvís a partir do 1 de xaneiro de 2013 nun 0,96%.

**112.- Dar conta de corrección de erro no punto nº 3 da sesión de 22.11.2012.**

Dáse conta.

**113.- Dar conta da sinatura de diversos convenios de colaboración para apoiar o financiamento das festas do Apóstolo 2012.**

Dáse conta.

**114.- Dar conta da concesión dunha subvención pola Deputación Provincial da Coruña para o desenvolvemento do programa "Creando en Igualdade".**

Deuse conta á XGL da concesión dunha subvención por parte da Deputación da Coruña para o desenvolvemento do Programa Creando en Igualdade. O importe da subvención é de 31.161,55 €.

## **URXENCIAS**

1.- Encoméndase a Incolsa a xestión da subvención de 16.000 do proxecto CERTO e dáse traslado á Comisión Europea.

2.- Apróbase a conta xustificativa actualizada do cuarto trimestre co IGVS para o mantemento da oficina do Casco Histórico por importe de 34.541,03 euros (Custe annual: 145.777,88 euros).

3.- Dáse conta da sinatura do convenio de colaboración co Instituto Rosalía de Castro para o mantemento do Bacharelato Internacional por importe de 6.208 euros.

4.- Dáse conta da subvención da Deputación da Coruña para a erradicación do chabolismo por importe de 30.000 euros.

5.- Dáse conta da subvención da Xunta de Galicia para dous axentes de emprego por importe de 22.552 euros.

6.- Dáse conta da resolución das empresas que solicitaron o cheque de consultoría para reforma de locais e implantación de TICS no marco do programa Urbana Norte.